



Handwritten signature in blue ink.

Handwritten signature in blue ink.



**ESTATUTOS  
DO  
CLUB FLUVIAL DE LUGO**

# ESTATUTOS DO CLUB FLUVIAL DE LUGO

## TÍTULO I

### DISPOSICIÓN XERAIS

#### **Artigo 1º.- Constitución, antecedentes, denominación, obxecto e distintivo.**

1. O CLUB FLUVIAL DE LUGO é unha asociación de carácter recreativo, cultural e deportiva privada con personalidade xurídica e capacidade de obrar, integrada por persoas físicas, con domicilio na comunidade Autónoma de Galicia, que ten como obxecto primordial o fomento e o impulso da práctica continuada de unha ou varias modalidades deportivas, así coma a participación en actividades sociais, culturais, recreativas e turísticas
2. O Club Fluvial de Lugo, segundo figura na súa Acta fundacional foi constituído na data 29 de setembro de 1935.
3. O distintivo oficial do Club Fluvial de Lugo é unha grimpa ou bandeirola de cor azul mariño con barra de cor celeste, enmarcado nun salvavidas co nome de Club Fluvial de Lugo.
4. A cor oficial dos uniformes deportivos será de cor azul mariño e cor celeste, sen prexuízo da utilización adicional doutras cores, amosándose en todo caso o escudo do Club en lugar destacado.

#### **Artigo 2.- Actividade deportiva e cultural.**

1. O Club Fluvial de Lugo terá como principal obxectivo o fomento e a práctica das seguintes modalidades deportivas:
  - a) Piragüismo.
  - b) Natación.
  - c) Tenis.
  - d) Atletismo.
  - e) Orientación.
  - f) Tríatlon.
2. A Xunta Directiva poderá acordar a creación de novas seccións para a práctica doutras modalidades deportivas baixo a aprobación da Asemblea Xeral, así coma promover estudos e proxectos culturais relacionados co seu obxectivo principal.

#### **Artigo 3.- Réxime xurídico.**

1. O Club Fluvial de Lugo, en materia asociativa e de funcionamento interno, sométese á regulación do Dereito de Asociación recollida na Lei Orgánica 1/2012, de 22 de marzo (ou norma que a substitúa).
2. O Club Fluvial de Lugo réxese ademais de polos presentes Estatutos e os Regulamentos ou Normas de Réxime interno que se diten, polo disposto na Lei 3/2012, de 2 de abril do Deporte de Galicia.
3. O Club Fluvial de Lugo, respecto dos seus libros, documentos e ficheiros, sométese á Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro de Protección de Datos de carácter persoal (ou norma que a substitúa).

#### **Artigo 4.- Réxime orzamentario.**

O Club Fluvial de Lugo sométese ao réxime do orzamento e patrimonio propio coas seguintes limitacións:

1. Poderá fomentar manifestacións de carácter físico-deportivas, culturais e recreativas dirixidas ao público en xeral, aplicando os beneficios obtidos ao desenvolvemento das actividades físicas e deportivas, culturais e recreativas dos seus asociados.
2. Poderá gravar e allear bens inmoables, tomar diñeiro a préstamo e emitir títulos transmisibles representativos de débeda ou parte alicuota patrimonial, sempre que cumpra cos seguintes requisitos:
  - a) Que tales operacións sexan autorizadas pola maioría de dous terzos dos socios presentes ou representados na Asemblea Xeral Extraordinaria.
  - b) Que os devanditos actos non comprometan de xeito irreversible o patrimonio do Club ou a actividade físico-deportiva que constitúa o seu obxecto social.
  - c) Cando se trate de tomar diñeiro a préstamo en contía superior as 15% do orzamento anual ou que represente unha porcentaxe igual ao valor do Patrimonio, así coma no suposto de emisións de títulos, será necesaria para a súa aprobación unha maioría de dous terzos dos membros da Asemblea Xeral.

#### **Artigo 5.- Domicilio social.**

O domicilio social e permanente do Club Fluvial de Lugo establécese nos edificios e terreos da súa propiedade situados na marxe dereita do río Miño, no lugar de San Lázaro, rúa Fermín Rivera, sen número. Con fins administrativos tamén terán o concepto de domicilio aqueles outros que sinale a Xunta Directiva, ambos na cidade de Lugo. O cambio de domicilio deberá ser aprobado mediante acordo adoptado pola Asemblea Xeral e notificado aos Organismos e Federacións competentes.

O ámbito territorial do Club Fluvial de Lugo será na comunidade Autónoma de Galicia, aínda que poderá desenvolver actividades fóra do mesmo se a situación o require.

## **TÍTULO II**

### **DOS MEMBROS DO CLUB**

#### **Artigo 6.- Clases de socios.**

No Club Fluvial de Lugo, existirán as seguintes categorías de socios:

- a) Socios de honra ou de mérito.
- b) Socios fundadores,
- c) Socios de número.

#### **Artigo 7.- Socios de Honra e de mérito.**

Son socios de honra e de mérito aquelas persoas que merezan tal distinción, segundo o acordo adoptado pola Asemblea Xeral.

#### **Artigo 8.- Socios Fundadores.**

Son socios fundadores aquelas persoas que, pertencendo ao Centro de Iniciativas e Turismo (C.I.T.) no momento de constitución do Club Fluvial de Lugo, pasaron a formar parte deste con data do 25 de abril de 1957.

#### **Artigo 9.- Socios de Número.**

Serán socios de número todas as persoas físicas maiores de idade, que libre e voluntariamente soliciten integrarse na devandita Sociedade, sexan admitidas pola Xunta Directiva e aboen a cota de entrada establecida. O número de asociados será ilimitado, aínda que a Xunta Directiva puidese suspendera admisión de novos socios por circunstancias que así o aconsellen.

#### **Artigo 10.- Das cotas.**

1. As cotas que han de satisfacer os socios titulares determinaranse pola Asemblea Xeral; podendo determinarse a forma temporal do seu aboamento -amén da cota de ingreso que se poderá fraccionar por petición do interesado e cando así o acorde a Xunta Directiva en períodos:
  - a) Anuais.
  - b) Semestrais.
  - c) Bimestrais.
2. O pagamento poderá realizarse nas oficinas do Club ou a través de transferencia bancaria dentro dos cinco primeiros días de cada mes.
3. Independentemente das cotas, o uso de determinadas instalacións ou servizos que proporciona o Club levan aparelada a correspondente tarifa.

### **Artigo 11.- Dereitos dos socios de número.**

Os socios teñen o dereito de usaren todas as instalacións e servizos, participaren nos actos organizados e contribuíren ao cumprimento dos fins específicos do Club, sempre que cumpran co estipulado neste Estatuto, no Regulamento de réxime interior e nos regulamentos específicos de cada sección e cos requisitos que, en cada caso, dispoña a Xunta Directiva. Do mesmo xeito, os cónxuxes, fillos e familiares menores de dezaseis anos e maiores incapacitados, que convivan co socio e dependan economicamente da sociedade conxugal, e persoas que teñan unha convivencia de parella de máis de un ano co socio, sempre que se demostre convincentemente. Os fillos maiores de dezaseis anos, para gozaren destes beneficios virán obrigados a causar alta na sección xuvenil, e satisfaceren a cota que lle corresponde.

A Xunta Directiva poderá conceder o acceso ás instalacións e utilización das mesmas aos forasteiros que atopándose accidentalmente na cidade aboan a cota sinalada para o efecto.

Os socios poderán causar baixa voluntariamente cando así o desexen, tendo a obriga de poñelo no coñecemento do Club, e entregaren o carné que os acredite como tales.

A Xunta directiva poderá expedir pases temporais. Así mesmo poderá expedir pases por un ano, aos familiares de socios, ata cuarto grao de parentesco e maiores de 65 anos, previo aboamento, en unha soa vez, do 55% da cota anual sinalada para os socios.

Coñecer as actividades do Club, e examinar a súa documentación, previa petición razoada á Xunta Directiva.

Expresar libremente as súas opinións relacionadas co obxecto e finalidade do Club, no seo do mesmo e nas súas Xuntas Xerais, así como dirixir de forma fidedigna queixas ou peticións de calquera tipo.

Cumpridos os 18 anos poderá ser elector e elixible para os órganos de representación e goberno do Club, cumpridos os requisitos establecidos nestes Estatutos.

Usar os distintivos do Club Fluvial de Lugo, nos actos deportivos ou sociais en que participen.

Os socios con máis de tres anos de antigüidade, maiores de 65 anos, que ostenten a condición de xubilados, ou os que sen chegaren a esta idade teñan recoñecido unha pensión por invalidez, satisfarán o 53% da cota, sempre que notifiquen esta circunstancia.

Sección Xuvenil. Os menores solteiros e non emancipados que convivan e dependan economicamente do socio titular e que causen alta coma tales, sempre que estean comprendidos entre os 16 anos e a maioría de idade, pasarán a formar parte da sección xuvenil e poderán prorrogarse anualmente estes beneficios a todos aqueles que tendo máis de dezaioito anos, non pasen dos vinte e cinco e que demostren que conviven e dependen economicamente do titular.

#### **Artigo 12.- Obrigas dos socios.**

1. É obriga do socio de número aboar dentro dos prazos fixados as cotas que esixa a Xunta Directiva.
2. Todos os socios do Club teñen obriga de:
  - a) Contribuír ao sostemento do Club.
  - b) Acatar as disposicións que dite a Asemblea Xeral, a Xunta Directiva ou os membros da mesma, para o bo goberno do Club.
  - c) Aboar as tarifas validamente establecidas polo uso de instalacións ou servizos.
  - d) Utilizar as instalacións e servizos do Club, ou xestionados por este, na forma correcta, segundo o establece a Xunta Directiva e en consonancia coas normas de convivencia social.
3. En todo caso, os socios de número serán, perante o Club, responsables económicos das obrigas deste carácter non satisfeitas polos socios familiares que del dependan para tal condición, así como polos que utilicen as instalacións ou servizos no seu nome ou baixo a súa autorización.

#### **Artigo 13.- Adquisición da condición de socio de número.**

1. Para ser admitido como socio de número requírese:
  - a) Ser maior de idade ou emancipado. Excepcionalmente poderán ser socios de número os menores nos emancipados sempre e cando acheguen autorización da persoa ou persoas que exerzan a patria potestade.
  - b) Ser presentado por dous socios maiores de idade, que teñan unha antigüidade mínima de tres anos, que avalen coa súa sinatura a solicitude de admisión, que están ao corrente no pagamento das correspondentes cotas e ostente a plenitude dos seus dereitos sociais.
  - c) Facer a solicitude por escrito dirixida á Xunta Directiva, mediante a entrega de impreso normalizado debidamente cuberto, que será facilitado polo propio Club, acompañando licenza expresa do seu pai, titor ou



encargado, se o solicitante fose menor de 18 anos e non estivese emancipado.

d) Satisfacer a cota de ingreso correspondente no prazo de quince días desde a notificación da resolución de dalo por admitido.

e) A cota de entrada non será esixible a:

1. Fillos de socios ou das súas parellas con máis de tres anos de antigüidade.
2. Cónxuxes ou parellas de feito dos socios.
3. Divorciados do socio titular.
4. Separados legalmente e viúvos dun socio.

2. A Xunta Directiva resolverá admitir ou non ao solicitante coma novo socio, comunicando ao interesado a resolución recaída. Se a Xunta Directiva non accedese á súa petición, non poderá solicitalo de novo ata que transcorra un ano. Cando por dúas veces lle fose denegado o ingreso na Sociedade, só a Asemblea Xeral ten atribucións para acordar a súa admisión.

#### **Artigo 14.- Perda da calidade de socio de número.**

A condición de socio de número pérdese:

- a) Por vontade propia do socio.
- b) Por falta de pagamento de catro cotas sociais, ou dous prazos da cota de alta, unha vez que lle fose requirido de pagamento para a súa regularización.
- c) Por acordo da Xunta Directiva fundado en faltas de carácter moi grave, comunicándollo a Asemblea Xeral próxima inmediata.

#### **Artigo 15.- Baixa temporal por ausencia.**

O socio que xustifique a necesidade de ausentarse da cidade por prazo superior a seis meses, poderá solicitar baixa temporal por ausencia.

Ao seu regreso disporá dun prazo de tres meses para o seu reingreso, transcorrido dito prazo, perderá a totalidade dos seus dereitos de socio, a excepción de que xustifique forza maior, presentando un escrito dirixido ao Presidente motivando dita circunstancia.

### **TÍTULO III**

#### **DOS ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN E GOBERNO**

##### **Capítulo primeiro.**

## **Clases de órganos.**

### **Artigo 16.- Órganos de goberno e administración.**

O Club Fluvial de Lugo, está rexido polos seguintes órganos de goberno e representación:

1. A Xunta Directiva.
2. A asemblea xeral de Socios compromisarios.

## **Capítulo segundo.**

### **Da xunta Directiva.**

### **Artigo 17.- Composición.**

1. A Xunta Directiva é o órgano de xestión, administración, goberno e representación do Club.
2. Está formada por un Presidente, un Vicepresidente, un Secretario, un Vicesecretario, un Tesoureiro, un Contador, e un número máximo de nove vogais que se proverán mediante elección.
3. O Presidente da Xunta Directiva e, no seu defecto, aquel outros membros da mesma que determinen os Estatutos, ostentarán a representación legal do Club, actuarán no seu nome e estarán obrigados a executar os acordos validamente adoptados pola Xunta Xeral e mais a Xunta Directiva. O Presidente cesará no cargo ao remate do seu mandato, por decisión propia, ou cando sexa elixida e tome posesión unha nova Xunta Directiva. Os restantes membros da Xunta Directiva poderán causar baixa por expiración do mandato, a petición propia ou por decisión do presidente.
4. Todos os cargos da Xunta Directiva serán honoríficos e gratuítos. Porén, aboaranse, previa xustificación, aqueles gastos de representación (desprazamentos, dietas, etc.), nos que os membros da Xunta Directiva poidan incorrer durante o exercicio das súas funcións.
5. A duración do mandato da Xunta Directiva será de catro anos, podendo ser reelixidos, sen limitación de mandatos.

### **Artigo 18.- Atribucións.**

1. Corresponde á Xunta Directiva a realización e dirección de cantos actos se relacionen coa actividade do Club, sen outras limitacións que as que se deriven destes Estatutos e a normativa legal aplicable en cada momento.
2. En especial, corresponde á Xunta Directiva as seguintes atribucións:
  - a) Cumprir e facer cumprir os vixentes Estatutos e demais normas do Club.
  - b) Redactar ou reformar os Regulamentos de Réxime Interior, interpretar os seus Estatutos, Regulamentos e Normas de Réxime interno, así coma velar polo seu exacto cumprimento.
  - c) A administración do Club.
  - d) adoptar os acordos necesarios para o cumprimento dos fins do Club, así como establecer os medios e procedementos pertinentes para tal fin.
  - e) Fixar as normas de uso das instalacións e as tarifas correspondentes.
  - f) Manter a orde e a disciplina no Club, así como nas competicións que se organicen.
  - g) Realizar os cobros, pagamentos, así coma cantas operacións sexan precisas para a correcta administración do Club e que non correspondan á Asemblea Xeral.
  - h) Representar ao Club perante persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, e perante os Tribunais de Xustiza, podendo outorgar poder a prol de Procuradores e outros mandatarios.
  - i) Convocar, por medio do seu Presidente, á Asemblea Xeral cando o estime necesario, cumprindo os acordos e decisións da mesma.
  - j) Sinalar as condicións e forma de admisión de novos socios, así coma propor á asemblea as cotas de ingreso e anualidades que se deban satisfacer.
  - k) Nomear as persoas que haxan de dirixir as distintas comisións que se creen, así coma organizar as actividades do Club.
  - l) Elaborar o Orzamento, formular inventario e balance anual, así como redactar a Memoria anual do Club e, en xeral, aplicar todas as medidas deportivas, económicas e administrativas precisas para o fomento e desenvolvemento do deporte.
  - m) Exercer a propiedade disciplinaria, conforme aos presentes Estatutos.

- n) Autorizar orzamentos de contratación de obras ata o 15% do orzamento anual.
- o) Autorizar operacións de crédito, préstamo garantía ata o 15% do orzamento ordinario.

#### **Artigo 19.- Constitución.**

1. A Xunta Directiva reunirse en sesión ordinaria, como mínimo, unha vez ao mes, así como tantas veces o considere necesario o seu Presidente, e con carácter extraordinario, cando así a dispoña o seu Presidente ou a petición da cuarta parte dos seus membros os que, en tal caso, indicarán os puntos a incluír na Orde do Día.
2. Será convocada en primeira e segunda convocatoria polo seu Presidente con, polo menos, vinte e catro horas de antelación á data da súa celebración, indicando a Orde do Día. Dita convocatoria realizarase por calquera dos medios de comunicación existentes actualmente (correo electrónico, fax, etc.) que permitan deixar constancia da mesma. Se a reunión fose instada polos membros da Xunta, a convocatoria deberase facer, como máximo dentro das corenta e oito horas seguintes á da solicitude.
3. A Xunta Directiva quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando concorran a ela a maioría dos membros; en segunda convocatoria será suficiente a concurrencia, polo menos, de tres membros, e en todo caso, do Presidente ou Vicepresidentes e do Secretario.
4. A Xunta Directiva quedará tamén validamente constituída cando estean presentes todos os seus membros, aínda que non tivese mediado convocatoria previa.
5. A Xunta Directiva formará parte da Asemblea Xeral de socios compromisarios con voz e voto.

#### **Artigo 20.- Toma de acordos.**

1. O Presidente, axustándose ao sinalado na Orde do Día, concederá e retirará a palabra, sometendo os asuntos a discusión e votación.
2. Os acordos da Xunta Directiva adoptaranse por maioría simple, baixo a fórmula de un voto por integrante, decidindo, en caso de empate, o voto do presidente.
3. Tras a xuntanza, o Secretario levantará Acta que, unha vez aprobada, asinará xunto co Presidente. A aprobación da Acta poderá realizarse inmediatamente despois da reunión ou na inmediata seguinte como primeiro punto da Orde do Día.

4. Todos os membros da Xunta Directiva, e no seu caso, o resto de asistentes están obrigados a manter o carácter confidencial das deliberacións da Xunta.

#### **Artigo 21.- Do Presidente.**

1. O Presidente do Club Fluvial de Lugo, que o será tamén da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva, é a persoa que ostenta a dirección e a representación legal daquel, e quen executa os acordos dos órganos de goberno do Club.
2. Se durante o mandato da Xunta Directiva cesara o Presidente por calquera causa, ostentará as súas funcións temporalmente o Vicepresidente, debendo convocarse Asemblea Xeral Extraordinaria nun prazo máximo de dous meses, co fin de proceder á elección de novo Presidente, cuxo mandato rematará cando naturalmente conclúese o Presidente cesante. Entre tanto, os demais membros da Xunta Directiva seguirán ostentando os seus cargos.
3. Ademais das funcións que sinalan os Estatutos, correspóndelle ao Presidente ou a quen designe as seguintes:
  - a) Representar ao Club Fluvial de Lugo, ante toda clase de autoridades, organismos públicos e privados, velando polo seu prestixio.
  - b) Asinar acordos, convenios e contratos que aprobe a Asemblea Xeral Ordinaria ou a Xunta Directiva.
  - c) Convocar e presidir as xuntanzas da Asemblea Xeral, Ordinaria e Extraordinaria, da Xunta Directiva e das distintas comisións. Igualmente lle corresponderá a presidencia en todas as reunións de órganos e actos do Club aos que asista. Porén, nas reunións da Asemblea Xeral, da Xunta Directiva e das comisións poderá delegar en quen estatutariamente poida substituílo.
  - d) Correspóndelle ao Presidente a convocatoria de eleccións a Compromisarios, Presidente e Xunta Directiva.
  - e) Tamén é facultade do Presidente a asignación dos diferentes cargos da Xunta Directiva entre os membros que en cada momento compoñan a mesma, quedando igualmente facultado para efectuar nomeamentos de libre designación para cubrir baixas ou vacantes que se produzan no seo da Xunta Directiva, ou por calquera outra circunstancia que considere oportuna, en cuxo caso tales nomeamentos, deberán ser ratificados pola primeira Asemblea Xeral que se celebre.
  - f) Cumprir e velar polo exacto cumprimento dos Estatutos e da restante normativa de aplicación ao Club, así coma dos acordos da Asemblea

Xeral de socios e da Xunta Directiva e aprobará co seu Vºe Prace as actas das xuntanzas que presida.

- g) Subscribir co Secretario as Actas das sesións dos órganos colexiados do Club.
- h) O Presidente velará polo cumprimento de gastos e pagamentos do Club e asinará, conxuntamente co Tesoureiro os pagamentos, a Memoria Económica que ha de ser presentada á Asemblea Xeral.
- i) Terá sinatura mancomunada co Vicepresidente, Tesoureiro e Contador, para a disposición dos fondos do Club depositados en contas correntes.
- j) Nas sesións dos órganos colexiados, se existise igualdade no número votos nas decisións a adoptar, o voto do Presidente terá carácter dirimente.
- k) Autorizar coa súa sinatura, as actas, balances e certificacións.
- l) Resolver por si mesmo, no caso de urxente necesidade, calquera asunto imprevisto, dando inmediata conta á Xunta Directiva.
- m) Os membros da Xunta Directiva poderán ser revogados por cautela polo Presidente, cando, ao seu xuízo, poidan causar efectos lesivos ou perturbadores ao Club, ou entenda que a súa actitude sexa contraria a estes Estatutos e demais normativa vixente, debendo dar conta disto na primeira Asemblea que se celebre.
- n) Elaborar, coa Xunta Directiva, o proxecto de orzamento, a memoria e as contas anuais.
- o) Atribuír, entre os vogais da Xunta Directiva, os diferentes cargos e substitución durante o mandato.

#### **Artigo 22.- do Vicepresidente.**

1. O Vicepresidente é o membro da Xunta Directiva que substitúe ao Presidente, asumindo a totalidade das súas funcións en caso de ausencia, vacante, enfermidade e/ou situacións análogas; correspondéndolle, ademais, auxiliar a aquel nas súas funcións e cometidos.
2. O Vicepresidente cooperará e auxiliará na xestión do Presidente, quen lle poderá confiar a representación que estime oportuna.
3. O Vicepresidente terá baixo a súa dependencia a todo o persoal do Club.

#### **Artigo 23.- Do Secretario.**

1. O secretario do Club, que o será da Asemblea Xeral, da Xunta Directiva e da Comisión Electoral, é membro da Xunta Directiva responsable da secretaría do Club.
2. Correspóndelle ao Secretario as seguintes funcións:
  - a) O arquivo, custodia e levar o libro do Rexistro de Socios e dos libros de actas, así coma a restante documentación do Club.
  - b) Expedir as certificacións dos libros e documentos que estean baixo a súa custodia.
  - c) Despachar a correspondencia oficial e coidar da secretaría do Club.
  - d) Citar por orde do Presidente para as reunións da Xunta Directiva e preparar a documentación segundo os asuntos previstos na orde do día.
  - e) Asinar a correspondencia xeral do Club.
  - f) Expedir, co Visto e Prace do Presidente, as certificacións que se soliciten de extremos que obren en documentos ao seu cargo.
  - g) Estender os recibos de cotas e servizos.
  - h) Achegar a documentación necesaria para os asuntos a debater.
  - i) Levantar acta de todas as xuntanzas e acordos da Xunta Directiva e das Asembleas Xerais, e das que se reflectirán os acordos adoptados.
  - j) Redactar o informe anual que a Xunta Directiva debe presentar á Asemblea Xeral Ordinaria.
  - k) Elaborar a Memoria anual.
  - l) As restantes previstas nestes Estatutos e demais normativa aplicable.

#### **Artigo 24.- Do Vicesecretario.**

Corresponden ao Vicesecretario as mesmas atribucións que ao Secretario, e a súa obriga é substituír e auxiliar ao Secretario no desempeño do seu cargo.

#### **Artigo 25.- Do Tesoureiro.**

O tesoureiro do Club será o depositario dos fondos da entidade, sendo as súas funcións as seguintes:

- a) Recadar, custodiar e depositar os fondos do Club, dos cales é responsable, tanto na caixa coma nos bancos.
- b) Ordenar a emisión e cobro de recibos por cotas sociais ou outras, así como reclamar os non pagamentos.

- c) Asinar conxuntamente co Presidente, Vicepresidente e Contador, con sinatura mancomunada de dous deles, os talóns, cheques ou ordes de pagamento contra contas correntes, de crédito ou outras.
- d) Elaborar e someter á aprobación da Xunta Directiva, a previsión mensual de cobros e pagamentos.
- e) Redactar as contas anuais que, previa aprobación da Xunta Directiva, se someterán á Asemblea Xeral Ordinaria.
- f) Informar das propostas que impliquen gastos.
- g) Levar e revisar o libro de Ingresos e Gastos e no seu caso soportes informáticos.
- h) Someter á aprobación da Xunta Directiva os Balances e Estado de Contas que mensualmente se farán.
- i) Levar o control orzamentario, para que cada conta se axuste na súa realización á cantidade que fora asignada no orzamento anual.
- j) Dar conta á Xunta Directiva daqueles socios que adebeden máis de dous recibos, para a adopción das medidas que se estimen pertinentes.
- k) Elaborar xunto co Secretario a memoria anual.

#### **Artigo 26.- Do Contador.**

Corresponde ao Contador:

1. Intervir en todos os actos de contabilidade da Sociedade.
2. Esixir a rendición das contas que deben presentar os empregados.
3. Presentar á Xunta Directiva, para que esta o faga á Asemblea Xeral, o proxecto do orzamento de gastos e ingresos para o ano seguinte, e calquera outro extraordinario, que as necesidades da Sociedade esixiran.
4. Levar a contabilidade xeral da Sociedade.
5. Redactar, a final de exercicio, co Tesoureiro, unha memoria acerca da situación económica da Sociedade e mais o balance de situación, que unha vez, aprobado pola Xunta Directiva, poida esta presentar coa memoria que redacte o Secretario da Asemblea Xeral que se convoque para o seu efecto.
6. Propoñer á Xunta Directiva canto tenda a mellorar a recadación de todos os ingresos así como as disposicións que crea conducentes ao mellor servizo das obrigas propias do seu cargo.

#### **Artigo 27.- Dos Vogais.**



Independentemente da súa participación no goberno do Club como membros da Xunta Directiva, os vogais poderán exercer baixo a dependencia e por mandato do Presidente e a súa Xunta Directiva, á que proporán as súas iniciativas, a dirección de comisións para asuntos concretos relativos aos fin do club.

### **Capítulo Terceiro.**

#### **Da Moción de Censura.**

##### **Artigo 28.- Do Procedemento.**

1. Poderá presentarse moción de censura contra a xestión do Presidente e/ou Xunta Directiva sempre e cando o número de socios da Asemblea Xeral, que apoien a moción non sexa inferior ao 40 por cen.
2. A moción de censura deberá presentarse ao Presidente do Club mediante escrito no que, ademais de expoñerse razoadamente os motivos ou circunstancias que a fundamentan, deberán figurar correctamente identificados os socios que a subscriben.
3. Presentada a moción de censura cumpridos os requisitos expresados no ordinal anterior, o Presidente, no prazo de cinco días, convocará Asemblea Xeral Extraordinaria, que se celebrará no prazo dos 20 días seguintes, co este único punto na orde do día.

Se o Presidente non procedese a convocar a Asemblea Xeral Extraordinaria segundo o establecido no punto anterior, a convocatoria deberá facerse polo Secretario. Se ningunha das dúas persoas obrigadas realizase a convocatoria, calquera socio da Xunta Xeral, maior de idade, poderá instala perante a xurisdición competente.

4. Para a aprobación da moción de censura será preciso o voto favorable do 51% do total dos membros da Asemblea Xeral.
5. A Asemblea Xeral Extraordinaria na que se resolva a moción de censura será presidida polo socio de maior antigüidade de entre os presentes no momento de constituírse a Xunta.
  - Se a moción de censura fose aprobada pola Asemblea Xeral Extraordinaria procederase do seguinte xeito:
  - Se a moción aprobada o fose fronte á xestión do Presidente procederase conforme ao previsto no artigo 21.2, para os casos de vacante do Presidente.

6. -Se a moción aprobada o fose fronte á totalidade da Xunta Directiva, quedarán todos os seus integrantes en funcións, debendo convocar o presidente en funcións Asemblea Xeral Extraordinaria no prazo máximo de dous meses co fin de proceder á elección de novo Presidente e Xunta Directiva.
7. Se a moción de censura fose rexeitada pola Asemblea Xeral Extraordinaria non se poderá presentar outra na mesma lexislatura.

#### **Capítulo Cuarto.**

#### **Da Asemblea Xeral de Socios.**

#### **Artigo 29.- A Asemblea Xeral de Socios.**

1. A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno do Club e estará integrada por 200 socios de número, elixidos democraticamente pola xunta electoral creada para tal fin, adquirindo o título de socio compromisario, con voz e voto.
2. Poderán asistir todos os socios de número que o desexen, con voz e sen voto.
3. Poderán asistir a elas os socios de honra, con voz e sen voto.
4. Perderase a condición de socio compromisario por finalizar o mandato, por sanción grave ou moi grave, por renuncia do propio socio.
5. A Asemblea Xeral de Socios Compromisarios pode se Ordinaria e Extraordinaria.

#### **Artigo 30.- Da Asemblea Xeral Ordinaria.**

A Asemblea xeral de Socios reunirase con carácter ordinario unha vez ao ano para:

- a) Analizar e aprobar, no seu caso, a Memoria anual, liquidación de contas do exercicio anterior, o Balance e o Orzamento para o vindeiro exercicio.
- b) Debater e aprobar, no seu caso, as propostas que presente a Xunta Directiva.
- c) Examinar e aprobar, no seu caso, as propostas presentadas polos socios, e se presenten ante a Xunta Directiva, polo menos, con oito días de antelación ao

sinalado para a celebración da Xunta. Os socios que presenten as propostas deberán estar ao corrente no cumprimento de todas as súas obrigas sociais.

- d) Debater e aprobar, no seu caso, o contido dos rogos e preguntas presentados polos socios.
- e) Aprobar a acta da xuntanza anterior, coa sinatura do Presidente e Secretario, que asinarán en representación da Xunta.

### **Artigo 31.- Da Asemblea Xeral Extraordinaria.**

A asemblea Xeral reunirase con carácter extraordinario para tratar de:

- a) Modificación dos Estatutos.
- b) Elección da Xunta Directiva.
- c) Elección dos membros da Comisión electoral.
- d) Dispoñer e allear os bens do Club, tomar diñeiro a préstamo e emitir títulos transmisibles representativos de débeda ou de parte alícuota patrimonial, ou de obrigacións.
- e) Aprobar as cotas e orzamentos extraordinarios.
- f) Tratar calquera outro asunto de interese ou transcendencia para o Club, que non sexa competencia da Xunta Directiva ou da Asemblea Xeral Ordinaria.
- g) Autorizar os orzamentos extraordinarios que sexan necesarios, e entre eles a realización e contratación de obras que esixan inversións superiores ao 15% do orzamento anual.
- h) Autorizar operacións de crédito e garantía superiores ao 15% do orzamento anual.
- i) Autorizar a fusión ou calquera outro tipo de asociación temporal ou definitiva da sociedade con outra.

### **Artigo 32.- Convocatoria e constitución da Asemblea Xeral de Socios Compromisarios.**

1. As Asembleas Xerais serán convocadas polo seu Presidente a iniciativa propia ou a petición da Xunta Directiva ou de socios compromisarios que representen, polo menos, ao 25% dos socios de pleno dereito.

2. Na convocatoria que realiza o Presidente da Xunta Directiva deberá constar a Orde do Día e a data, lugar e hora da súa celebración en primeira e segunda convocatoria.
3. Salvo que medie causa grave que o impida, deberá existir un prazo de quince días entre a convocatoria e a celebración da Asemblea Xeral, tanto Ordinaria coma Extraordinaria.
4. A convocatoria da Asemblea Xeral efectuarase mediante aviso que se fixará no taboleiro de anuncios do Club e publicarase nun diario de ámbito local e/ou provincial, ademais de calquera outro medio de difusión, a xuízo do Presidente da Xunta Directiva, sen prexuízo da comunicación individualizada.
5. A Asemblea Xeral de socios, tanto Ordinaria coma Extraordinaria, quedará validamente constituída, en primeira convocatoria, cando estean presentes ou representados a metade máis un dos socios compromisarios de pleno dereito; en segunda convocatoria, para a que non haberá limitación por número mínimo de socios asistentes, deberá transcorrer, como mínimo, trinta minutos entre cada unha delas se se tivesen sinalado todas para o mesmo día.

### **Artigo 33.- Celebración da Asemblea Xeral de Socios Compromisarios.**

1. A Asemblea Xeral de socios será presidida polo Presidente da Xunta Directiva, quen outorgará, suspenderá ou denegará o uso da palabra aos socios, segundo o desenvolvemento da reunión, podendo, atendidas as circunstancias do caso, acordar a expulsión daqueles socios que non amosen a debida corrección ou alteren gravemente a orde da xuntanza.
2. Iniciarase o recuento dos asistentes, admitíndose unicamente a aqueles socios que teñan dereito a constituír a Asemblea Xeral. Se houber quórum suficiente, a teor do disposto no artigo precedente, faranse dúas listaxes, unha cos socios con dereito a voto e outra cos restantes.
3. Aberta a sesión, debaterán e resolveranse os asuntos incluídos na Orde do Día, por rigorosa quenda.
4. Na Acta farase constar a data, lugar e hora de comezo e final da reunión, relación de asistentes con e sen dereito de voto, contido dos acordos adoptados e resultado das votacións se as houber. Esta acta será aprobada na asemblea seguinte.

### **Artigo 34.- Adopción de acordos.**

1. Para a adopción de acordos, a Asemblea Xeral deberá estar validamente constituída.
2. A cada socio compromisario que estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas sociais correspóndelle un voto.

3. Os acordos adoptaranse por maioría simple dos votos validamente emitidos, agás nos seguintes supostos:
  - a) Precisarase a maioría de tres cuartos dos votos para a emisión de títulos transmisibles representativos de débeda ou de parte alícuota patrimonial.
  - b) Precisarase o voto favorable das tres cuartas partes da totalidade dos socios de número da sociedade para acordar a disolución da mesma.

**Artigo 35.- Impugnación de acordos.**

1. Os acordos e actos da Asemblea Xeral de socios que sexan contrarios á normativa vixente poderán recorrerse en reposición por quen tiver votado en contra da súa adopción, no prazo de quince días perante o propio órgano; contra a súa resolución poderase acudir aos Tribunais de Xustiza.
2. As impugnacións contra os acordos da Xunta Directiva, tras o correspondente recurso de reposición no prazo de dez días ante a propia Xunta, son susceptibles de ser recorridos en idéntico prazo en alzada perante a Asemblea Xeral de Socios.

## **TÍTULO IV**

### **RESPONSABILIDADE DE DIRECTIVOS E SOCIOS**

#### **Artigo 36.- Responsabilidade dos directivos e mais os socios.**

Os directivos e mais os socios do Club, sen prexuízo do establecido nos presentes Estatutos sobre réxime disciplinario, responderán dos danos e prexuízos causados ao mesmo pola realización de actos contrarios a estes Estatutos e á legalidade en cada momento vixente, así coma por aqueles que realicen sen a debida dilixencia.

#### **Artigo 37.- Responsabilidade pola adopción de acordos.**

Todos os membros que formen parte dalgún dos órganos do Club serán responsables de todos e cada un dos acordos que tales órganos adopten, sempre que tiveren participado neles, salvo que na acta correspondente se fixer constar a súa discrepancia coa decisión tomada.

## **TÍTULO V**

### **RÉXIME DE ELECCIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO.**

#### **Capítulo Primeiro.**

#### **Da Convocatoria de Eleccións.**

#### **Artigo 38.- Da convocatoria do proceso electoral.**

1. A apertura do proceso electoral acordarase en Asemblea Xeral Extraordinaria convocada con tal fin.
2. A tales efectos, o Presidente do Club convocará á Asemblea Xeral Extraordinaria de Socios mediante aviso público que se fixará no Taboleiro de Anuncios do

Club e publicarase nun diario de ámbito provincial, ademais de en calquera outro medio de difusión, a xuízo do Presidente da Xunta Directiva , sen prexuízo da notificación individualizada a cada socio.

3. Entre a data da convocatoria e a celebración da Asemblea deberá mediar, como mínimo, un prazo de quince días.
4. Na convocatoria especificarase coma puntos da Orde do Día os seguintes:

A) O calendario Electoral, no que haberán figurar as datas e prazos de:

- 1.- Convocatoria do proceso electoral.
- 2.- Prazo de impugnacións ao censo e de resolución das mesmas.
- 3.- Prazo de presentación de candidaturas.
- 4.- Prazo de divulgación, de impugnacións e da súa resolución.
- 5.- Lugar, data e horario da votación, expresando a hora de inicio e a da súa finalización.
- 6.- Prazo de reclamacións contra as votacións e as súas incidencias.
- 7.- Prazo de resolución de reclamacións e proclamación do Presidente e a Xunta Directiva.

B) Elección dos membros compoñentes da Comisión Electoral.

### **Artigo 39.- Do Calendario electoral.**

1. A elaboración do calendario electoral correspóndelle ao Presidente da Xunta Directiva do Club, e necesariamente ten que estar inserto no anuncio de convocatoria da Asemblea Xeral Extraordinaria de Socios.
2. Tomando o acordo, para dita convocatoria. exporase no Taboleiro de Anuncios do Club desde o día seguinte ao da toma do acordo ata o final das eleccións; no anuncio farase constar expresamente a data da súa inserción no referido taboleiro; xunto a aquel figurará a listaxe de socios con dereito a voto, para que os interesados poidan formular as reclamacións que crean oportunas, o que terá que se realizar dentro dos cinco días seguintes ao da inserción do anuncio; as reclamacións, se as houber, resolveranse, dentro dos dous días seguintes ao da súa presentación.

3. Expirado dito prazo, terá lugar a presentación de candidaturas dentro dos cinco días seguintes.
4. Transcorrido o prazo, e durante os dous días seguintes, a Comisión Electoral estudará a validez das candidaturas presentadas, aceptando unicamente aquelas que cumpran todos e cada un dos requisitos establecidos, tralo cal publicará no Taboleiro de Anuncios do Club as candidaturas aceptadas e a rexeitadas, con efectos de posíbeis reclamacións na forma e prazos previstos no número seguinte. No caso de que só se presentase unha candidatura que reúna todos e cada un dos requisitos establecidos, a Comisión Electoral proclamaráa coma nova Xunta Directiva, dando por concluído o proceso electoral. Se non existise ningunha candidatura ou se as presentadas non reunisen os requisitos establecidos, a Xunta Directiva continuará nas súas funcións e en colaboración coa Comisión Electoral formalizará, nun mínimo de quince días e un máximo de trinta, un novo calendario electoral, que porá en marcha o novo proceso electoral, procedéndose do mesmo xeito ata lograr una candidatura válida.
5. As impugnacións sobre admisión e non admisión de candidaturas formularanse perante a Comisión Electoral dentro dos dous días seguintes ao da súa publicación, debendo ser resoltas nos dous días seguintes ao da súa presentación. Contra as resolucións da Comisión Electoral, poderase acudir á xurisdición ordinaria.



## **Capítulo Segundo.**

### **Dos órganos electorais.**

#### **Artigo 40.- Nomeamento e composición da Comisión electoral.**

1. A Comisión electoral, como órgano encargado do impulso e control dos procesos electorais as órganos de goberno e representación do Club, será elixida na Asemblea Xeral reunida con ese efecto, designando a tres socios de pleno dereito, que non se vaian presentar como candidatos á Xunta Directiva, co carácter de titulares, e a e a outros tres suplentes dos anteriores; uns e outros deberán estar ao día no cumprimento das súas obrigas sociais. Se algún deles, despois do seu nomeamento, decidira integrarse nunha candidatura, automaticamente cesará na súa condición de membro de dita Comisión, sendo substituído polo primeiro dos suplentes.
2. A presidencia da Comisión electoral será exercida polo membro de máis idade da mesma, actuando como secretario o da Xunta Directiva, o que concorrerá ás reunións sen voz nin voto.
3. Só quedará validamente constituída cando concorran á reunión os tres membros que a integran, xa sexan os seus titulares ou os substitutos, por imposibilidade daqueles.
4. Os acordos serán adoptados por maioría simple dos asistentes.

#### **Artigo 41.- Funcións da Comisión electoral.**

Serán función da comisión electoral:

1. Aprobar o censo de electores.
2. Confeccionar as papeletas para realizar a votación.
3. Aprobar e proclamar as candidaturas.
4. Resolver as impugnacións, reclamacións e cantas incidencias se presenten durante o transcurso do proceso electoral, desde o seu inicio ata a proclamación da candidatura gañadora.

#### **Artigo 42.- Nomeamento e funcións da Mesa electoral.**

1. Chegado o día e hora sinalado no calendario electoral para a iniciación da votación, constituirase a Mesa electoral, integrada por tres membros.
2. A elección realizarase por sorteo entre os socios presente, salvo que voluntariamente se presentaren, a requirimento do Presidente da Comisión.
3. Ningún dos membros da Mesa electoral poderá formar parte das candidaturas presentadas, e todos deberán estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas sociais.
4. A solicitude das candidaturas presentadas, poderán presenciar a votación e escrutinio de votos un interventor por cada unha daquelas, a quen se facilitará un lugar xunto á Mesa e un exemplar da lista do censo.
5. Constituída a Mesa, presidiraa o membro de maior idade dos elixidos, actuando como secretario o máis novo.
6. Son funcións da Mesa electoral:
  - a) Dar por comezado e concluído o acto, a teor do horario previamente establecido no calendario electoral.
  - b) Comprobar a identidade dos votantes por medio dos seus Documentos Nacionais de identidade, ou pasaportes, en todo caso orixinais
  - c) Comprobar que o socio que pretende exercer o dereito a voto se atopa nas listaxes do censo, facilitadas para tal efecto pola Xunta electoral.
  - d) Recoller as papeletas dos votos e depositalas na urna preparada para tal efecto, que deberá estar debidamente pechada.
  - e) Redactar, a través do seu Secretario, a Acta correspondente.
  - f) Remitir copia da acta, dentro das vinte e catro horas seguintes á da conclusión da votación, á Comisión electoral.

#### **Capítulo Terceiro.**

##### **Das Votacións.**

#### **Artigo 43.- Normas xerais das votacións.**

1. As votacións efectuaranse mediante sufraxio persoal, directo e segredo dos socios con dereito a voto, mediante papeletas de tamaño único facilitadas pola Comisión electoral.
2. As candidaturas serán abertas e individuais para a elección de socios compromisarios da Asemblea Xeral. A elección a candidaturas a Xuntas Directivas serán cerradas.
3. Os socios con dereito a voto poderán exercitalo ben persoalmente na propia sede electoral, ou ben por correo.
4. No caso de voto por correo deberá a Comisión electoral enviar as papeletas coas distintas candidaturas, que previamente fosen aprobadas, acompañadas dun sobre franqueado ou a franquear en destino, cunha carta na que se lle indicará ao socio que para emitir o voto ha de remitir ao Club dito sobre con Unha papeleta, e a fotocopia do seu Documento Nacional de Identidade ou Pasaporte.
5. En todo caso, as papeletas para exercer o dereito a voto por correo, dirixidas á Comisión electoral, deberán ter entrada nas oficinas do Club, polo menos, dous días antes da data da votación. A Comisión electoral formará unha relación de socios que houberen exercido o voto por correo. Este votos introducíranse na urna unha vez pechada a mesa, comprobando que todo voto por correo é válido e non duplicado.
6. Os integrantes da Comisión electoral e mais os da Mesa exercerán, por esta orde, o seu dereito a voto en último lugar.
7. En calquera caso, e previa aprobación da Xunta Directiva do Club, a Comisión electoral poderá adaptar o acto da votación e os derivados do mesmo, ao uso de novas tecnoloxías que faciliten unha maior participación dos socios.

#### **Artigo 44.- Do recuento de votos.**

1. Terminada a votación procederase ao recuento dos votos en presenza dos Interventores de cada unha das candidaturas que fixeren uso de tal dereito, tras o cal, o Presidente da Mesa dará lectura do resultado.
2. En caso de empate entre dúas ou máis candidaturas para a elección de Xunta Directiva efectuarase unha segunda votación entre as empatadas, e así sucesivamente ata que unha das candidaturas resulte elixida; os votos validamente emitidos por correo manterán o seu valor e sentido nesta segunda votación.

3. O escrutinio será público para todos os socios do Club.

#### **Artigo 45.- Da Acta da Mesa electoral.**

1. Do desenvolvemento da votación levantarase acta polo Secretario da Mesa electoral, inmediatamente despois de concluída a votación; nela recolleranse as incidencias que se tiveren producido durante a votación e escrutinio; a seguir, farase constar o resultado de dita votación, con expresión dos votos totais emitidos, subdistinguindo, seguidamente, entre os válidos, nulos e en branco.
2. A acta será asinada polo Presidente e mais o Secretario da Mesa electoral e polos interventores de cada unha das candidaturas que fixeren uso de tal dereito, ademais de polos restantes membros da Mesa que así o soliciten.
3. Concluída a acta, o Presidente da Mesa remitiraa ao Presidente do Comité electoral, dentro das vinte e catro horas seguintes á conclusión da votación.

#### **Artigo 46.- Das reclamacións sobre a votación e o escrutinio.**

1. As reclamacións relativas ao desenvolvemento da votación e escrutinio serán resoltas pola Mesa electoral consignando na acta a súa decisión; de non seren estimados pola Mesa, poderán reproducirse dentro dos dous días naturais seguintes perante a Comisión electoral, quen resolverá no prazo de tres días.
2. En todo caso, para que tales reclamacións poidan reproducirse ante a Comisión electoral e entaboar logo posteriores recursos, o recorrente, necesariamente, deberá ter feito constar a súa reclamación na mesma acta da Mesa.
3. As resolucións da Comisión electoral poderán ser impugnadas, dentro dos cinco días seguintes ao da súa comunicación, perante a Xurisdición ordinaria.

#### **Artigo 47.- Da proclamación de resultados.**

1. En tanto non se resolvan todas as reclamacións, recursos e incidencias, non se considerará concluído o proceso electoral; ata entón continuará ao fronte da xestión do Club a anterior Xunta Directiva.
2. Rematado o proceso electoral, a Comisión electoral publicará no taboleiro de anuncios do Club, por prazo de quince días, a candidatura elixida.

### **Capítulo Cuarto**

### **Da elección de compromisarios.**

#### **Artigo 48.- Da elección de compromisarios.**

1. As eleccións a compromisario serán convocadas pola Xunta Directiva cada catro anos, que se encargará de garantir a fixación dun horario de votación o suficientemente amplo que permita, a todos os socios de número, exercer o seu dereito ao voto. O Club formará unha listaxe con todos os socios de número con dereito a voto. Esta listaxe constituirá o censo electoral do Club e exporase durante dez días na sé do mesmo, podendo durante ese tempo presentar reclamacións á Xunta electoral, resolvendo a mesma no prazo de tres días hábiles, contados a partir da finalización do prazo de información pública.
2. Os socios que aspiren ao posto de compromisario presentarán a súa candidatura con quince días de antelación á data establecida pola Xunta Directiva para a elección. A candidatura será presentada a asinada polo propio candidato.
3. Cada elector poderá votar a un máximo de douscentos candidatos.
4. A Xunta Directiva ditará as normas complementarias para o proceso electoral de elección de compromisarios, constituíndose a Mesa electoral.
5. O escrutinio efectuarase o mesmo día da elección, resultando elixidos os douscentos candidatos con máis votos válidos obtivesen. Se no proceso electoral os candidatos presentados so igual ao numero de socios que son elixidos, todos eles serán nomeados compromisarios. No caso de empate será nomeado socio compromisario o de maior antigüidade no Club.

Duración do mandato dos socios compromisarios. A duración do mandato dos compromisarios será de catro anos. Durante dito mandato, os compromisarios terán o dereito de asistir a todas as Asembleas ordinarias ou extraordinarias que se convoquen.

## **Capítulo Quinto.**

### **Disposicións Xerais.**

#### **Artigo 49.- Elección do Presidente e da Xunta Directiva.**

1. O presidente e os restante membros da Xunta Directiva do Club serán elixidos en Asemblea Xeral Extraordinaria de compromisarios, mediante sufraxio libre, directo e segredo de todos os membros da mesma que gocen do dereito de voto.
2. Nas candidaturas para a elección da Xunta Directiva, que serán pechadas e deberán figurar, ademais da relación dos seus compoñentes, o cargo que cada un iría ostentar.

#### **Artigo 50.- Do dereito ao voto.**

Na elección de Presidente, e dos restantes membros da Xunta Directiva, teñen dereito a voto os socios compromisarios con plena capacidade de obrar e que estean ao corrente no cumprimento das súas obrigas sociais.

#### **Artigo 51.- Das candidaturas.**

1. Os requisitos para ser candidato son os seguintes:
  - a) Ser español ou estranxeiro residente en España.
  - b) Ser maior de idade.
  - c) Atoparse en pleno uso dos dereitos civís e non estar suxeito a sanción disciplinaria que o inhabilite.
  - d) Ser membro de pleno dereito do Club, cunha antigüidade mínima e ininterrompida de dous anos.
  - e) Presentar a candidatura co aval de socios que se sinale a continuación, achegando escrito de aceptación de todos os candidatos integrados na mesma.
  - f) Estar ao corrente no cumprimento de todas as obrigas sociais.
2. As candidaturas presentaranse á Comisión electoral en listas pechadas, especificando o cargo para o que se presenta cada candidato, conforme ao establecido nos presentes Estatutos, co aval mínimo do 10% dos socios compromisarios. Para que o aval se considere válido, necesariamente ha de conter:

1. Escrito no que conste a candidatura que avala, con relación de todos os seus membros e cargos a ocupar.
2. Fotocopia do D.N.I. ou Pasaporte do avalista.
3. Nome e dous apelidos e número de socio do avalista.
4. Sinatura do avalista.
5. Ningún socio poderá presentar nin avalar máis de unha candidatura.

Se a Xunta Directiva tiver o propósito de se presentar á reelección farao constar como punto primeiro da Orde do Día na propia convocatoria da Asemblea Xeral Extraordinaria, continuará no exercicio das súas funcións e responsabilidades ata a celebración daquela, e nomeamento definitivo da nova Xunta Directiva.

**Artigo 52.- Casos en que procede a elección de Presidente e demais membros da Xunta Directiva.**

A elección do Presidente e dos demais membros da Xunta Directiva terá lugar nos seguintes supostos:

1. Por expiración do mandato do Presidente e da Xunta Directiva.
2. Por dimisión ou renuncia, falecemento, declaración legal de ausencia ou incapacidade do presidente que tivese encabezado a candidatura.
3. Cando, por calquera causa, quedase a Xunta Directiva reducida en número de tal forma que non poida exercer debidamente as súas funcións.

**Artigo 53.- Órganos do proceso electoral.**

Os órganos do proceso electoral son os seguintes:

1. A Comisión electoral.
2. Mesa electoral.

**TÍTULO VI.**  
**RÉXIME ECONÓMICO-FINANCEIRO.**

**Capítulo Primeiro.**

**Do Réxime económico-Patrimonial.**

**Artigo 54.- Patrimonio.**

O patrimonio do Club estará integrado por:

1. As achegas económicas dos socios (cotas e derivadas do uso de servizos e instalacións).
2. As doazóns e subvencións que reciba.
3. Os beneficios económicos que resulten das actividades do Club.
4. Os rendementos que produza o seu patrimonio social.

**Artigo 55.- Réxime económico.**

1. O Club asume a condición de establecemento de carácter social e de institución privada sen ánimo de lucro, de carácter cultural e deportivo, e, en consecuencia, acepta as obrigas e acóllese aos beneficios inherentes a dita condición.
2. A Entidade sométese ao réxime de orzamento e patrimonio propio, tendo en conta que: Os ingresos serán destinados integramente ao cumprimento do seu obxecto social, así como calquera beneficio que se puidera obter por prestación de servizos. En ningún caso poderán repartirse beneficios entre os seus asociados, aínda que si se poderá diminuír a contía das achegas ou cotas dos socios cando os rendementos e ingresos xerais o permitan, mediante xustificación contable suficiente.

Anualmente a Xunta Directiva elaborará un Orzamento de Ingresos e Gastos que someterá á aprobación da Asemblea Xeral Ordinaria, xunto coa Memoria Anual, peche de Contas do exercicio anterior e Balance de situación.

Os Orzamentos haberán estar nivelados e clasificados por títulos, artigos e conceptos.

A Asemblea Xeral poderá autorizar transferencias de partidas excedentes para compensar partidas ou contas deficitarias.

A todos os efectos entenderase que o exercicio económico coincide co do ano natural.



3. Os fondos do Club serán depositados en contas tituladas polo propio Club en establecementos bancarios ou de aforro, das que poderá dispor o Presidente, coa sinatura conxuntas do Vicepresidente, Tesoureiro ou Contador; esixíndose en calquera caso a sinatura mancomunada de dous deles.
4. Nos casos de cesamento da Xunta Directiva, esta, xunto coa entrante, formalizarán un arqueo, levantándose acta dos resultado, que asinarán os dous presidentes e mais os dous tesoureiros. O mesmo arqueo e acta realizaranse tamén no caso de cesamento do tesoureiro, dita acta será asinada polo Presidente e mais os tesoureiros saínte e entrante, e , a falta daquel, polo Presidente e o novo tesoureiro. De dito arqueo darase conta á Xunta Directiva na seguinte reunión que se convoque.

**Artigo 56.- Das facultades económico-patrimoniais e da emisión de títulos de débeda e de parte alícuota patrimonial.**

1. Club Fluvial de Lugo poderá gravar e allear os seus bens inmobles, tomar diñeiro a préstamo e emitir títulos transmisibles entre os socios de pleno dereito do Club representativos de débeda ou parte alícuota patrimonial, sempre que non comprometan de xeito irreversible o patrimonio nin o obxecto da Entidade e, especificamente:
  - a) No caso de emisión de títulos, o acordo deberá aprobarse na Asemblea Xeral, e, en todo caso, serán nominativos e destinados aos socios do Club.
  - b) Para toma diñeiro a préstamo, cuxa contía sexa superior ao 15% do orzamento anual, ou cantidade equivalente do patrimonio social, así coma emitir títulos ou obrigas dos mencionados neste artigo, requirirase a autorización por maioría de dous terzos dos socios presentes na Asemblea Xeral Extraordinaria.
2. Os títulos inscribíranse nun libro que levará a tal efecto o Club no cal se anotarán as sucesivas transferencias. En todos os títulos constarán o valor nominal, a data de emisión e no seu caso, o xuro e prazo de amortización.

## **Capítulo Segundo.**

### **Do Réxime documental e Contable.**

#### **Artigo 57.- Dos libros do Club.**

1. No Club Fluvial de Lugo, levaranse, como mínimo, os seguintes libros e rexistros: Libro Rexistro de socios, Libro de actas e Libro de contabilidade.
2. réxime documental e contable complétase coa Memoria e Contas Anuais do Club.
3. Os libros do Club han de estar previamente dilixenciados por calquera dos Organismos oficiais competentes para isto.

#### **Artigo 58.- Do Libro Rexistro de socios.**

1. No Libro de Rexistro de socios deberán constar, debidamente clasificados por grupos, todos os socios, consignando os seus nomes e apelidos, domicilio, números do seu D.N.I. ou Pasaporte, así coma as datas de altas e baixas, e o cambio de clase ou categoría do socio.
2. A cada socio abriráselle a súa correspondente folla.
3. O libro poderá levarse polo sistema de follas móbiles, informatizadas en soporte informático.

#### **Artigo 59.- Do Libro de actas.**

1. No Libro de actas consignaranse as xuntanzas que celebre a Asemblea Xeral, a Xunta Directiva e demais órganos colexiados da Entidade , en que interveña como tal o Secretario da Xunta Directiva; en cada acta expresarase a hora e data da reunión, asistentes, asuntos tratados, acordos adoptados e o resultado das votacións.
2. En todo caso, as actas deberán ser asinadas polo Presidente e o Secretario.

#### **Artigo 60.- Do Libro de contabilidade.**

1. No Libro de contabilidade figurará o patrimonio e os ingresos e gastos do Club, debendo especificarse, con total claridade e separación, as diferentes partidas, e, en concreto, a orixe dos primeiros e o investimento ou destino dos gastos.
2. Dito Libro poderá ser substituído por sistemas informáticos, se ben, ao rematar o ano encadernaranse as follas que o integren.



## **TÍTULO VII.**

### **DO RÉXIME DISCIPLINARIO.**

#### **Capítulo Primeiro.**

##### **Da potestade sancionadora.**

##### **Artigo 61.- Órgano sancionador.**

1. Corresponde á Xunta Directiva do Club exercer a potestade ao abeiro dos seus Estatutos e demais normativa aplicable. Calquera sanción ou corrección ten carácter e efectos de orde interna, sen que poida afectar á consideración persoal, social ou profesional dos sancionados ou corrixidos.
2. O exercicio da potestade disciplinaria respectará en dereito de defensa do presunto responsable, non podéndose en ningún caso impoñer ningunha medida ou sanción sen audiencia do presunto responsable de acordo co procedemento regulado nestes Estatutos e normativa do órgano competente da Xunta de Galicia, de aplicación supletoria.

#### **Capítulo Segundo.**

##### **Das infraccións.**

##### **Artigo 62.- Das infraccións e a súa prescrición.**

Os socios do Club Fluvial de Lugo inmersos nun proceso disciplinario poderán ser sancionados polo incumprimento das obrigas derivadas dos presentes Estatutos, Normas de Réxime interno e restantes disposicións do Club, ou por infrinxir os acordos dos seus órganos.

As faltas ou infraccións clasifícanse en leves, graves ou moi graves. As primeiras prescriben no prazo de un mes, as infraccións graves no prazo de un ano e as moi graves no prazo de tres anos, desde que se cometese o feito sancionable.

##### **Artigo 63.- Das infraccións leves.**

Son infraccións leves:

1. As accións e comisións que, por descoido, supoñan incumprimento destes Estatutos e demais normas e convenios ou acordos do Club.
2. A incorrección con outros socios, empregados do Club ou outros que presten servizo para o mesmo e membros da Xunta Directiva.

#### **Artigo 64.- Das infraccións graves.**

Son infraccións graves:

1. A participación en actos públicos ou privados, que sexan contrarios á dignidade social e deportiva dos seus socios.
2. A reiterada conduta, contraria ás normas xerais de correcto comportamento no Club.
3. O dano ou prexuízo ás instalacións e material do Club, sempre que medie abuso, culpa ou negligencia.
4. O incumprimento de acordos ou convenios establecidos polo Club con outras entidades de carácter social e deportivo, xa sexan públicas ou privadas.
5. Participar os socios deportivos ou os técnicos en competicións nas que o Club teña interese, con outro ou como independente, sen consentimento expreso e por escrito da Xunta Directiva.
6. A grave incorrección con outros socios, empregados do Club ou outros que presten servizo para o mesmo e membros da Xunta Directiva.
7. Os danos ou deterioracións nas instalacións, equipamento, documentación e outros bens do Club.
8. A reincidencia en dúas faltas leves poderase considerar como grave.

#### **Artigo 65.- Infraccións moi graves.**

Son infraccións moi graves:

1. O abuso de autoridade e a usurpación de atributos e funcións.
2. O quebrantamento das sancións regulamentariamente impostas.
3. A acción ou omisión, de feito, de palabra, ou negligencia que produza prexuízos graves de tipo moral ou material a algún socio ou persoal do Club ou sexan contrarias aos intereses do Club.
4. O incumprimento dos presentes Estatutos, Normas de Réxime interno e demais disposicións do Club, así coma dos acordos legalmente adoptados pola Asemblea Xeral de socios, a Xunta Directiva ou calquera dos membros desta, no exercicio das súas funcións.

5. Calquera acto ou omisión, de feito, ou de palabra, que produza descrédito para o Club, os seus órganos de Goberno, membros destes ou a calquera dos seus socios.
6. Calquera acto ou omisión, de feito, ou de palabra, que signifique discriminación por razóns de lugar de nacemento, sexo, raza, relixión ou ideoloxía.
7. A acción intencionada e reiterativa que obstaculice e quebrante o funcionamento dos órganos de goberno e xestión do Club.
8. O uso das axudas ou subvencións recibidas polo Club.
9. As agresións físicas, acoso sexual a empregados, socios e directivos.
10. A reincidencia en dúas faltas graves.

#### **Artigo 66.- Das sancións.**

1. As sancións a impor aos socios de pleno dereito poderán consistir en:
  - a) A Expulsión definitiva do Club.
  - b) A suspensión temporal como socio.
  - c) A inhabilitación para ocupar cargos nalgúns ou todos os órganos do Club, de forma definitiva.
  - d) A inhabilitación para ocupar cargos nalgúns ou todos os órganos do Club, de forma temporal.
  - e) O apercibimento público ou privado; no primeiro caso, os acordos de sanción publicaranse no taboleiro de anuncios do Club por espazo de dez días.
2. Cando o feito sancionable fose cometido por un socio familiar, a Xunta Directiva, previa audiencia do socio de pleno dereito, pode acordar a súa expulsión, suspensión ou inhabilitación cando se tiver acordado tales no expediente disciplinario ao socio familiar.
3. A sanción de expulsión definitiva só pode impoñerse pola comisión dunha infracción moi grave. A sanción de apercibimento público ou privado só pode imporse pola comisión dunha infracción leve.
4. Especificamente na orde deportiva, estabelécense as seguintes sancións:
  - a) A prohibición de participar en competicións.

- b) A denegación de recibir subvención ou axudas do Club, temporal ou definitivamente.
  - c) A separación deportiva do Club, de forma temporal ou definitiva.
5. En todos os casos, calquera que for a sanción imposta, levará aparellada, de forma anexa, a reparación dos danos e prexuízos causados, do xeito que se estableza na propia resolución punitiva.
  6. As sancións prescriben no prazo de un mes, un ano, ou tres anos, segundo se trate de sanción por infraccións leves, graves ou moi graves, respectivamente. Ditos prazos empezarán a computar desde que se impoña a sanción.

#### **Artigo 67.- Criterios de ponderación.**

Na imposición da sanción atenderase non só ao grao de intencionalidade senón tamén á equidade e proporcionalidade, todo o cal deberá motivarse na resolución punitiva.

### **Capítulo Cuarto.**

#### **Do expediente disciplinario.**

#### **Artigo 68.- Da iniciación do procedemento.**

1. Cando a Xunta Directiva teña coñecemento de oficio ou por denuncia de terceiros dun feito que puidese supor unha infracción, a teor do disposto nestes Estatutos, o seu Presidente ordenará a calquera dos seus membros a apertura dunha investigación tendente a determinar se a conduta que o orixinou puidese ser susceptible de sanción; á vista do informe recibido, a Xunta Directiva, na primeira das súas reunións e por maioría simple dos presentes, decidirá a incoación dun expediente de sanción ou o arquivo das actuacións.
2. Non necesitará instrución de expediente, as infraccións a regras de xogo ou competición, que esixan resposta inmediata do órgano disciplinario en cuestión, sempre que ditas faltas estean suficientemente probadas e os interesados poidan formular alegacións. Tamén se poderá obviar o expediente en faltas consideradas como leves a xuízo da Xunta Directiva, agás petición en contra do sancionado.

3. No acordo de incoación designarase a un Instrutor, que deberá ser membro da Xunta Directiva. No caso de se considerar oportuno, a Xunta Directiva poderá nomear un secretario que será un socio do Club alleo á propia Xunta.

### **Artigo 69.- Da tramitación do procedemento.**

Unha vez acordada a incoación dun expediente disciplinario procederase do seguinte xeito:

1. No prazo máximo de sete días, contados desde a toma do acordo, o Instrutor trasladarao ao interesado, indicando os cargos que se lle imputan.
2. Se o presunto responsable no exerce recusación contra o Instrutor, en base ás causas xerais do ordenamento xurídico dentro dos dous días seguintes ao da notificación, poderá presentar as alegacións que estime pertinentes en defensa dos seus dereitos, no prazo máximo de quince días, contados desde a mesma notificación.
3. Se non presentaren alegación, o Instrutor continuará o expediente practicando as probas que estime pertinentes.
4. Presentadas as alegacións, o Instrutor practicará as probas solicitadas e as demais que estime oportunas, resolvendo no prazo máximo de quince días contados desde a conclusión do prazo para a presentación de alegacións.
5. Remitido o expediente á Xunta Directiva esta resolverá ratificando ou non a proposta de resolución do Instrutor, podendo acordar, en calquera caso, a práctica doutras probas. A Xunta Directiva resolverá dentro dos quince días seguintes aos da recepción o expediente, comunicando inmediatamente a súa resolución ao inculpado.
6. No caso de que a sanción proposta fose de expulsión definitiva, requirirase acordo da Xunta Directiva, ratificado polo 51% da Asemblea Xeral.
7. Contra a resolución da Xunta Directiva, o sancionado poderá utilizar Recurso de reposición, perante a propia Xunta, no prazo de quince días, contados a partir da notificación.
8. Contra a resolución disciplinaria definitiva da Xunta Directiva, poderanse emprender as accións pertinentes perante os Tribunais de xustiza.



## **TÍTULO VIII.**

### **DA REFORMA DOS ESTATUTOS.**

#### **Artigo 70.- Reforma dos Estatutos.**

1. Os presentes Estatutos só poderán ser modificados, reformados ou derogados, por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada a tal efecto, mediante votación favorable dos dous terzos dos socios de pleno dereito asistentes.
2. Con trinta días de antelación como mínimo, o acto da votación dos Estatutos en Xunta Xeral Extraordinaria, os Sres. socios terán ao seu dispor o anteproxecto de Estatutos para o seu estudo e presentación de alegacións.
3. As alegacións ao articulado dos Estatutos presentaranse por escrito no rexistro do Club asinado polo socio con quince días de antelación á votación.

A reforma destes Estatutos seguirá, con respecto á Lei 1/2002, de 22 de marzo, de Asociacións e mais a Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia, os mesmos trámites administrativos que para a súa aprobación.

## **TÍTULO IX.**

### **DISOLUCIÓN DO CLUB.**

#### **Artigo 71.- Causas de disolución.**

1. O Club extinguirase ou disolverá por acordo da Xunta Directiva ratificado pola Asemblea Xeral Extraordinaria, e será ratificado polas tres cuartas partes dos socios de número, permitíndolles o voto por correo.
2. Tamén se disolverá por resolución xudicial que así o acorde.
3. Son, igualmente, causas de disolución do Club as previstas na normativa vixente en materia asociativa e deportiva.

#### **Artigo 72.- destino do patrimonio social.**

No caso de disolución do Club Fluvial de Lugo, o destino dos seus bens será o establecido na lexislación civil e administrativa.

## **DISPOSICIÓN ADICIONAIS.**

### **PRIMEIRA.- Aceptación da normativa vixente.**

O mero feito de causar alta como socio do Club Fluvial de Lugo implica a aceptación inescusable dos presentes Estatutos, Normas de réxime interno e demais disposicións e acordos emanados dos órganos de Goberno do Club.

### **SEGUNDA.- Do cómputo dos prazos.**

Todos os prazos sinalados por días previstos nestes Estatutos enténdense referidos a días naturais.

### **TERCEIRA.- Utilización de xeito de expresión non sexista.**

Toda expresión que figure nos presentes Estatutos e/ou comunicacións que poida realizar o Club e que definan unha actividade ou condición, -tales como socios, membro, secretario, etc., enténdese utilizada no senso comprensivo das persoas de ambos sexos; sen que a utilización de calquera xeito de expresión teña outra finalidade que a máis rápida lectura e comprensión de textos.

## **DISPOSICIÓN FINAIS**

### **PRIMEIRA.- Autorización da Xunta Directiva.**

A Xunta Xeral Extraordinaria do Club convocada a tal efecto para a aprobación dos presente Estatutos, concede ampla autorización á Xunta Directiva para suplir as omisións e efectuar as rectificacións non substanciais que sexan precisas ata conseguir a aprobación definitiva e a súa inscrición no Rexistro de Asociacións e Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

### **SEGUNDA: Entrada en vigor dos Estatutos.**

Os presentes Estatutos entran en vigor o mesmo día da súa aprobación pola Asemblea Xeral de socios compromisarios, sen prexuízo da súa aprobación definitiva e rexistro no órganos competente da Xunta de Galicia.

## **DISPOSICIÓN TRANSITORIA.**

**ÚNICA:** Sen prexuízo da entrada en vigor dos Estatutos o mesmo día da súa aprobación, a Asemblea Xeral de socios compromisarios actualmente constituída continuará no exercicio das súa funcións, ata que se produza a celebración de novas eleccións por calquera das causas establecidas nos presentes Estatutos e a constitución da nova Asemblea Xeral.

## **DISPOSICIÓN DERROGATORIA.**

**ÚNICA:** Quedan derogados e sen ningún efecto os anteriores Estatutos do Club Fluvial de Lugo, así coma calquera outra norma en canto se opoña a estes Estatutos.

### **DILIXENCIA**

Que se estende para facer constar que os Estatutos foron aprobados pola Asemblea Xeral Extraordinaria do Club Fluvial de Lugo celebrada o día 26 de xuño do 2016.

Estes estatutos foron inscritos na “Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xusticia, Xefatura Territorial de Lugo” no Rexistro de Asociacións, o 8 de agosto do 2016, e na “Secretaría Xeral para o Deporte” no Rexistro de Asociacións Deportivas de Galicia, o 18 de Agosto do 2016.

Vº e Prace

O Presidente

O Secretario

## ÍNDICE

Páxina

### **TÍTULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS**

**Artigo 1º.-** Constitución, antecedentes, denominación, obxecto e distintivo. 2

**Artigo 2.-** Actividade deportiva e cultural. 2

**Artigo 3.-** Réxime xurídico.

**3Artigo 4.-** Réxime orzamentario.

3

**Artigo 5.-** Domicilio social. 3

### **TÍTULO II.- DOS MEMBROS DO CLUB**

**Artigo 6.-** Clases de socios. 4

**Artigo 7.-** Socios de Honra e de mérito. 4

**Artigo 8.-** Socios Fundadores 4

**Artigo 9.-** Socios de Número 4

**Artigo 10.-** Das cotas 4

**Artigo 11.-** Dereitos dos socios de número. 5

**Artigo 12.-** Obrigas dos socios. 6

**Artigo 13.-** Adquisición da condición de socio de número. 6

**Artigo 14.-** Perda da calidade de socio de número. 7

**Artigo 15.-** Baixa temporal por ausencia. 7

### **TÍTULO III.- DOS ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN E GOBERNO.**

#### **Capítulo primeiro.- Clases de órganos.**

**Artigo 16.-** Órganos de goberno e administración. 7

#### **Capítulo segundo.- Da xunta Directiva.**

**Artigo 17.-** Composición. 8

**Artigo 18.-** Atribucións 8

**Artigo 19.-** Constitución 9

**Artigo 20.-** Toma de acordos. 10

<b><u>Artigo 21.- Do Presidente.</u></b>	<b>10</b>
<b><u>Artigo 22.- do Vicepresidente.</u></b>	<b>11</b>
<b><u>Artigo 23.- Do Secretario.</u></b>	<b>11</b>
<b><u>Artigo 24.- Do Vicesecretario.</u></b>	<b>12</b>
<b><u>Artigo 25.- Do Tesoureiro.</u></b>	<b>12</b>
<b><u>Artigo 26.- Do Contador.</u></b>	<b>13</b>
<b><u>Artigo 27.- Dos Vogais.</u></b>	<b>13</b>
<b><u>Capítulo Terceiro.- Da Moción de Censura.</u></b>	
<b><u>Artigo 28.- Do Procedemento.</u></b>	<b>13</b>
<b><u>Capítulo Cuarto.- Da Asemblea Xeral de Socios.</u></b>	
<b><u>Artigo 29.- A Asemblea Xeral de Socios.</u></b>	<b>14</b>
<b><u>Artigo 30.- Da Asemblea Xeral Ordinaria.</u></b>	<b>15</b>
<b><u>Artigo 31.- Da Asemblea Xeral Extraordinaria</u></b>	<b>15</b>
<b><u>Artigo 32.- Convocatoria e constitución da Asemblea Xeral de Socios Compromisarios.</u></b>	<b>15</b>
<b><u>Artigo 33.- Celebración da Asemblea Xeral de Socios Compromisarios.</u></b>	<b>16</b>
<b><u>Artigo 34.- Adopción de acordos.</u></b>	<b>16</b>
<b><u>Artigo 35.- Impugnación de acordos.</u></b>	<b>17</b>
<b><u>TÍTULO IV- RESPONSABILIDADE DE DIRECTIVOS E SOCIOS</u></b>	
<b><u>Artigo 36.- Responsabilidade dos directivos e mais os socios.</u></b>	<b>18</b>

<b><u>Artigo 37.-</u></b> Responsabilidade pola adopción de acordos.	<b>18</b>
--	-----------

## **TÍTULO V.- RÉXIME DE ELECCIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO.**

### **Capítulo Primeiro.- Da Convocatoria de Eleccións.**

<b><u>Artigo 38.-</u></b> Da convocatoria do proceso electoral.	<b>18</b>
---	-----------

<b><u>Artigo 39.-</u></b> Do Calendario electoral.	<b>19</b>
--	-----------

### **Capítulo Segundo.- Dos órganos electorais.**

<b><u>Artigo 40.-</u></b> Nomeamento e composición da Comisión electoral.	<b>20</b>
---	-----------

<b><u>Artigo 41.-</u></b> Funcións da Comisión electoral.	<b>20</b>
---	-----------

<b><u>Artigo 42.-</u></b> Nomeamento e funcións da Mesa electoral.	<b>20</b>
--	-----------

### **Capítulo Terceiro.- Das Votacións.**

<b><u>Artigo 43.-</u></b> Normas xerais das votacións.	<b>21</b>
--	-----------

<b><u>Artigo 44.-</u></b> Do recuento de votos.	<b>22</b>
---	-----------

<b><u>Artigo 45.-</u></b> Da Acta da Mesa electoral.	22
<b><u>Artigo 46.-</u></b> Das reclamacións sobre a votación e o escrutinio.	22
<b><u>Artigo 47.-</u></b> Da proclamación de resultados.	23
<b><u>Capítulo Cuarto.-</u></b> Da elección de compromisarios.	
<b><u>Artigo 48.-</u></b> Da elección de compromisarios.	23
<b><u>Capítulo Quinto.-</u></b> Disposicións Xerais.	
<b><u>Artigo 49.-</u></b> Elección do Presidente e da Xunta Directiva.	24
<b><u>Artigo 50.-</u></b> Do dereito ao voto.	24
<b><u>Artigo 51.-</u></b> Das candidaturas.	24
<b><u>Artigo 52.-</u></b> Casos en que procede a elección de Presidente e demais membros da Xunta Directiva.	25
<b><u>Artigo 53.-</u></b> Órganos do proceso electoral.	25
<b><u>TÍTULO VI.- RÉXIME ECONÓMICO-FINANCEIRO.</u></b>	
<b><u>Capítulo Primeiro.-</u></b> Do Réxime económico-Patrimonial.	
<b><u>Artigo 54.-</u></b> Patrimonio	26.
<b><u>Artigo 55.-</u></b> Réxime económico.	26
<b><u>Artigo 56.-</u></b> Das facultades económico-patrimoniais e da emisión de títulos de débeda e de parte alícuota patrimonial.	27
<b><u>Capítulo Segundo.-</u></b> Do Réxime documental e Contable.	
<b><u>Artigo 57.-</u></b> Dos libros do Club.	28
<b><u>Artigo 58.-</u></b> Do Libro Rexistro de socios	28
<b><u>Artigo 59.-</u></b> Do Libro de actas.	28
<b><u>Artigo 60.-</u></b> Do Libro de contabilidade.	28

## **TÍTULO VII.- DO RÉXIME DISCIPLINARIO.**

### **Capítulo Primeiro.- Da potestade sancionadora.**

**Artigo 61.- Órgano sancionador.** 29

### **Capítulo Segundo.- Das infraccións.**

**Artigo 62.- Das infraccións e a súa prescrición.** 29

**Artigo 63.- Das infraccións leves.** 29

**Artigo 64.- Das infraccións graves.** 30

**Artigo 65.- Infraccións moi graves.** 30

### **Capítulo Terceiro.- Das sancions.**

**Artigo 66.- Das sancións.** 31

**Artigo 67.- Criterios de ponderación.** 31

### **Capítulo Cuarto.- Do expediente disciplinario.**

**Artigo 68.- Da iniciación do procedemento.** 32

**Artigo 69.- Da tramitación do procedemento.** 32

## **TÍTULO VIII.- DA REFORMA DOS ESTATUTOS.**

**Artigo 70.- Reforma dos Estatutos.** 33

## **TÍTULO IX.- DISOLUCIÓN DO CLUB.**

**Artigo 71.- Causas de disolución.** 34

**Artigo 72.- destino do patrimonio social.** 34

### **DISPOSICIÓN ADICIONAIS.**

**PRIMEIRA.- Aceptación da normativa vixente.** 35

**SEGUNDA.- Do cómputo dos prazos.** 35

**TERCEIRA.- Utilización de xeito de expresión non sexista.** 35



**DISPOSICIÓN FINAIS**

**PRIMEIRA.-** Autorización da Xunta Directiva. 35

**SEGUNDA:** Entrada en vigor dos Estatutos. 35

**DISPOSICIÓN TRANSITORIA.**

**ÚNICA:** 35

**DISPOSICIÓN DEROGATORIA.**

**ÚNICA:** 35

**DILIXENCIA** 35